

**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL XAN VIAÑO

Materia/disciplina: ITINERARIO DE FUNDAMENTOS DE MUSICOLOXÍA

Curso: 2023- 2024



Índice

1	<u>Introdución</u>	3
2	<u>Metodoloxía</u>	4
3	<u>Atención á diversidade</u>	5
4	<u>Temas transversais</u>	6
	4.1. <u>Educación en valores</u>	6
	4.2. <u>Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)</u>	7
5	<u>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</u>	7
6	<u>Secuenciación do curso</u>	8
	6.1. <u>Curso: 6º grao profesional</u>	8
7	<u>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</u>	16
8	<u>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</u>	16

2 Introducción

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ó alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

En relación co desenvolvemento do currículo, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 203/2007 do 27 de Setembro polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, regula no Anexo II os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada un dos catro itinerarios que conforman o inicio da especialización do alumnado, especialización que comeza precisamente no 6º curso do Grao Profesional.

O itinerario de Musicoloxía pretende ofrecerlle ó alumnado interesado unha serie de aspectos xerais, con vistas a afirmar os coñecementos básicos da metodoloxía da investigación musicolóxica.

Na actualidade, resulta facilmente perceptible o interese desenvolvido pola aplicación dos métodos científicos de investigación a todas as disciplinas, das que a música, nas súas facetas artística e humanística, non pode nin debe manterse á marxe. A investigación musicolóxica vén experimentando no noso país e dende as dúas últimas décadas, un enorme auxe, que a ten levado ata diferentes ámbitos educativos. Con este itinerario preténdese facilitar a ordenación destes estudos dentro do ensino especializado de grao profesional, sexa como antesala dos estudos universitarios de Historia e Ciencias da Música, ou ben xa dentro da especialidade de Musicoloxía, propia dos conservatorios superiores.

A materia organízase en dous grandes apartados: o primeiro aborda as características esenciais da ciencia, tales como a súa historia, metodoloxía, escolas, visión actual... O segundo trata a investigación musicolóxica, introducindo os métodos de investigación, documentación e edición, considerando a súa funcionalidade en relación co anterior. A pesar da división aparente entre eles, estes dous grandes bloques de contidos non deben ser entendidos como independentes, senón que deben aparecer interrelacionados nas programacións de aula.

Esta materia, pertencente ó itinerario de musicoloxía, resulta de interese para o alumnado que desexe acceder a esta especialidade, ó igual que para o que pretenda cursar o itinerario de Etnomusicoloxía ou o de Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega, debido ó tratamento de contidos introdutorios relativos ás materias de carga teórico-práctica propias destas especialidades.

Ademais, considerando o seu enfoque analítico e investigador, é apropiada para calquera estudante que considere de interese o estudio da música dende as súas facetas científica e humanística.

3 Metodoloxía

A docencia- aprendizaxe desta materia de musicoloxía baséase nunha metodoloxía participativa, facilitada pola interacción directa entre docente e alumnado. Intentarase que o alumnado estea motivado para buscar por si mesmo a información e constrúa o coñecemento que despois haberá de adquirir. Para iso a profesora orientaralle a través dun cuestionario, que se facilitará para cada tema, onde aparecerán as preguntas básicas, relacionadas cos contidos, que o alumno/a haberá de contestar.

É obrigado ter moi presente a formación técnica e humanística que o alumnado ten nesta altura, así como a súa capacidade de manexo autónomo de fontes críticas e documentación, o que debe permitir que os coñecementos sexan directamente construídos baixo a supervisión directa da docente na aula.

Actividades didácticas programadas: clases colectivas

A docencia desenvolverase prioritariamente na aula, traballando sobre textos ou materiais; estableceranse actividades a desenvolver na biblioteca, e no seu caso na aula de novas tecnoloxías, cando a súa natureza o precise. Entre as actividades a desenvolver, cómpre citar con carácter xeral:

- Explicación dos conceptos teóricos básicos da disciplina (aula).
- Aproximación ás fontes, e práctica coas mesmas (biblioteca - aula)
- Elaboración de traballos orixinais, combinando diferentes tipos de fontes: documentos musicais, textuais, literatura crítica, etc. (aula- traballo persoal).
- Realización de debates co obxectivo de utilizar terminoloxía musicolóxica e científica específica e de desenvolver criterios de análises críticas.

Recursos Materiais:

Na aula cóntase cun ordenador, canón de proxección e equipo de son.

Utilizaranse fotocopias, cadros sinópticos, artigos e outros materiais de apoio. Ademais poderemos facer uso da aula de informática e da biblioteca onde poderemos consultar a bibliografía/ webgrafía.

Posto que non existe un libro de texto específico que se considere unha introdución completa á materia de Musicoloxía, farase uso de diferentes manuais, sendo un dos obxectivos precisamente a familiarización cos textos básicos da disciplina. Así mesmo potenciarase a procura de información en fontes enciclopédicas, dicionarios, revistas, soportes informáticos, etc. polo que se fai imprescindible o uso da biblioteca e da aula de informática.

Recoméndase o *Prontuario de Musicoloxía*, de Carmen Rodríguez Suso, como manual de referencia para a iniciación na materia. Farase uso de todas as fontes documentais dispoñibles no centro, como

edicións facsímiles, gravacións, etc. Tamén se usarán fotocopias con cadros sinópticos, resumos e esquemas da materia.

4 Atención á diversidade

Considérase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por ter dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tardiamente ó sistema educativo, ou polas súas condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Os alumnos e alumnas que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos eles aprenden ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que necesiten diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Propor actividades de diferente dificultade e integrar ós alumnos e alumnas na máis apropiada ó seu nivel.
- Fomentar a *pedagogía do éxito*, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as.

Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas.

5 Temas transversais

5.1. Educación en valores

Esta materia permite establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas establecendo as canles necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, chegando a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas coa audición, a interpretación e a creación musical. Por tanto, o papel da música é esencial para a consecución dos obxectivos da etapa na que se atopan os alumnos/as que cursan esta materia.

- Proporciona ó alumnado o desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en vivo ou gravadas.
- Contribúe ó desenvolvemento de todas aquelas capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical.
- Permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade.
- Fai posible o afondamento e a ampliación de coñecementos, que son fonte de enriquecemento cultural e artístico.

O obxectivo básico será así contribuír á formación integral do alumnado a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica e o afianzamento dunha postura aberta e reflexiva ante a creación e a difusión da música na nosa sociedade. Desta forma podemos afirmar que a materia desenvolve unha labor fundamental para a evolución dunha personalidade equilibrada que integra a formación de capacidades do seguinte tipo:

- Capacidades cognitivas: impulsa o desenvolvemento do pensamento formal abstracto porque fai posible a estruturación mental e a representación do mundo artístico musical e a súa relación con distintas épocas, outras manifestacións artísticas e outras linguaxes.
- Capacidades socioafectivas: configura un vehículo de comunicación fundamental. Achega procedementos esenciais para a análise crítica e a valoración de obras de distintos autores e épocas. Enriquece o mundo cultural dos alumnos e alumnas, favorece o traballo en grupo e o desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia.

- Capacidades estéticas e creativas: facilita a expresión, de forma orixinal, das súas propias ideas. Permite gozar da audición de obras musicais como forma de comunicación, como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.

5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición do profesorado e do alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio ou libros especializados, etc. A biblioteca / fonoteca / videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar ós alumnos e alumnas a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

Na medida do posible utilizaranse diferentes recursos Offline: Software educativos, CD-ROMs Interactivos, Presentacións (Slideshare, Prezzi; PowerPoint...), sempre que realmente faciliten a asimilación do contido ou respondan a unha necesidade de aprendizaxe construtiva e participativa.

Tamén serán utilizados recursos Online: Webs interactivas e colaborativas, Wikis, Blogs, Redes Sociais, Youtube, etc. Utilizaranse Recursos de MOS (web do Ministerio de Educación), así como directórios de partituras e música gravada. (Proxecto Biblioteca Internacional de Partituras Musicais) ([IMSLP](http://imslp.org/wiki)).
<http://imslp.org/wiki>

Facilitarase información ó alumnado sobre recursos web onde solucionar problemas de teoría a través da búsqueda en webs do tipo: <http://www.teoria.com>, así como directorios de fontes para que se familiaricen con elas.

Haberá unha aula virtual onde se aloxarán cuestións relevantes para a materia.

6 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes.

Nestas actividades, organizadas para motivar ós alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltarán ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

7 Secuenciación do curso

7.1. Curso: 6º grao profesional

6.1.1. Obxectivos

- Proporcionar unha aproximación á musicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, a historia, o corpus teórico e a metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical dende un punto de vista científico.
- Introducirse na investigación musicolóxica mediante as técnicas de traballo e o emprego das ferramentas propias desta ciencia, para poder plasmar as súas propias investigacións.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos doutra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos, etc.) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións, etc.), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá.
- Establecer uns criterios mínimos á hora de estudar as diferentes manifestacións musicais do entorno e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, na súa recollida e na súa transmisión.

6.1.2. Contidos

Tema 1. A Musicoloxía.

Definicións. A división clásica: histórica, sistemática e aplicada. As ciencias auxiliares. O musicólogo e as tarefas profesionais. Campos de estudo e tipos de investigación musicolóxica.

Tema 2. Historia da Musicoloxía.

A Historiografía. Definición. Historiografía ata o século XVIII. A Historiografía Ilustrada. O século XIX. Forkel, Fétis, Ambros. O século XX. Carl Dalhaus. Adolfo Salazar. Riemann. Os tres modelos: Biográfico, Positivismo e Formalismo. Caso Práctico: Os estudos de xénero. Feminismo e Música.

Tema 3. A investigación artística.

Criterios básicos. Destrezas necesarias do investigador. As diferentes metodoloxías (fenomenolóxica, construcionista e performativa). Cómo realizar un proxecto de investigación en música. O plan de traballo. A fase de documentación. (A investigación documental, os métodos cuantitativos, os métodos cualitativos, a práctica autoetnográfica). Convencións de presentación dun traballo de investigación científico. Estrutura do traballo. (O prólogo, a introdución, o desenvolvemento, as conclusións, os apéndices, as notas, os índices. Agradecementos). As citas: normas de citación. Difusión do traballo: Institucións e sociedades científicas, revistas científicas e divulgativas. Recensións. Abstracts. Palabras clave. Repositorios e bibliotecas

virtuais. A comunicación pública dos resultados da investigación. Congresos, simposios e reunións científicas.

Tema 4. As fontes.

Tipos: primaria vs. secundaria; escrita vs. transmisión oral; manuscritas vs. impresas. Organolóxicas, fonográficas, iconográficas e textuais. Afondamento na literatura musical e a iconografía.

Tema 5. A crítica musical.

A crítica musical. A recensión crítica.

Tema 6. Poñendo en práctica.

Poñendo en práctica. Realización dun plan de traballo. Realización dun comentario sobre unha fonte iconográfica, literaria... Realización dunha crítica dun concerto.

Contidos Actitudinais:

1. Interese polo coñecemento dos fenómenos que subxacen ás manifestacións musicais.
2. Desenvolvemento da capacidade analítica e investigadora.
3. Valoración das fontes teóricas e prácticas como medio informativo.
4. Desenvolvemento dunha actitude crítica e valorativa.
5. Aprecio e respecto polas diferentes producións sonoras e polo labor investigador.

Contidos Procedimentais:

1. Análise e comentarios de textos históricos, artigos, partituras e críticas de concertos. Recensións críticas.
2. Preparación e asistencia a concertos, conferencias ou exposicións relacionadas coa materia e o seu posterior comentario e debate.
3. Utilización de medios audiovisuais e de novas tecnoloxías.
4. Utilización e aproveitamento das fontes de información musical que están ó noso alcance, (bibliotecas, hemerotecas, centros de documentación musical, etc.)

Temporalización de contidos prevista:

Primeiro Trimestre: Tema 1 a 3.

Segundo Trimestre: Tema 4 e 5.

Terceiro Trimestre: Tema 6.

6.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- *Define, empregando un léxico apropiado, as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, así como dos conceptos básicos da musicoloxía, e refírese a elas de forma correcta.*

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para captar e describir o pensamento dos principais autores, así como para distinguir as principais características das músicas estudadas e o tratamento científico das diversas fontes de interese musicolóxico.

- *Explica, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da musicoloxía, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina.*

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas ó estudo científico da música (historia, socioloxía, antropoloxía, etnografía...) seguindo os criterios empregados na musicoloxía dende os seus inicios ata os nosos días.

- *Identifica o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal.*

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para valorar a presenza da música na sociedade.

- *Recoñece as circunstancias de todo tipo que inciden na creación e función musical, segundo as épocas, estilos ou autores máis representativos, pasados ou presentes.*

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para entender o contexto no que se crea ou difunde a música.

- *Reflexiona sobre o desenvolvemento evidente e acelerado nos consumos de música que se dan na sociedade actual, incidindo nos aspectos sociais máis relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e medio prazo.*

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para comprender o consumo voraz da música na nosa sociedade.

- Realiza tres traballos correspondentes ao tema 6, seguindo os criterios de investigación traballado na clase.

Con este criterio avalíase a interiorización dos contidos tratados ó longo do curso.

Mínimos esixibles

- Coñecer os campos de estudo da musicoloxía e as principais liñas de investigación.
- Coñecer as principais correntes da Historiografía musical europea e os métodos de investigación musicolóxica.
- Coñecer os recursos propios da investigación: investigación en bibliotecas, arquivos, etc. e as fontes: tipos e sistemas de catalogación.
- Elaborar os traballos propostos e presentar e defender os mesmos perante os seus compañeiros e compañeiras.

Procedementos e ferramentas de avaliación

No primeiro e segundo trimestre entregárase a cada alumno un cuestionario coas preguntas fundamentais que haberán de responder nesa unidade, ben usando apuntamentos, ben buscando nas fontes documentais, ou ben tomando notas durante a exposición de contidos. Estes cuestionarios haberán de entregarse ó final de ambos trimestres e serán avaliábeis. Representan o **50%** da nota. O **50%** restante da nota extráese da nota de clase. En cada clase se avaliará:

1. A participación e aportación coherente e produtiva dos alumnos e alumnas e o seu grao de compromiso coa materia.
2. A realización das actividades propostas dunha clase á seguinte: lectura de textos, procura bibliográfica, consulta de fontes...
3. A realización correcta dos cuestionarios e actividades.

No último trimestre é obrigatoria a realización e defensa dos traballos propostos. Avaliarase tanto o traballo escrito (**70%** da nota dese trimestre) como a presentación e defensa do mesmo (**30%** da nota do trimestre).

Os alumnos e alumnas que non poidan asistir a clase haberán de examinarse dos contidos teóricos por medio dunha proba escrita ó final de cada trimestre, ademais de entregar os cuestionarios correspondentes. Cada parte representa o 50 % da nota. A nota do último trimestre correspóndese cos traballos antes mencionados. Se o alumno non pode expoñelo e deféndelo, a nota obterase dese traballo.

A nota final da materia será a media aritmética acadada nos tres trimestres. O redondeo desta nota virá determinado pola participación activa e produtiva nas clases e a realización das tarefas propostas na clase. O redondeo á alza será de aplicación no caso de que a parte decimal estea a catro décimas do seguinte número enteiro e segundo o criterio da docente a partir da nota de clase de cada alumno/a.

Criterios de cualificación

A avaliación reflectirá tanto o traballo realizado na clase como a asimilación dos contidos.

No primeiro e segundo trimestre avaliarase:

- a. Cuestionarios de clase, que haberán de ser entregados ao final do trimestre. (50%)
- b. Traballo de clase, onde se avaliarán tres criterios: (50%)
 1. A participación dos alumnos/as e o seu grao de compromiso coa materia.
 2. A realización das actividades propostas dunha clase á seguinte: lectura de textos, procura bibliográfica, consulta de fontes...
 3. A realización correcta do cuestionario.

No último trimestre avaliarase a realización e defensa do traballo relativo aos contidos do Tema 6. O traballo escrito representa o 70% da nota dese trimestre. A presentación e defensa do mesmo representa o 30% da nota do trimestre.

Nestes traballos valorarase o uso dos recursos dispoñibles de forma coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación dun traballo de investigación científico. Este instrumento valorará en que medida o alumno/a é capaz de propor e de realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou de grupo que lle permita a aplicación da metodoloxía aprendida, o manexo das fontes, a consulta en arquivos, a elaboración de fichas e citas. Valorarase a autenticidade das fontes empregadas, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas.

Este traballo será autorizado pola profesora, que orientará ao alumno/ na procura de información e no manexo das fontes.

A nota final é a media dos tres trimestres. O redondeo desta nota virá determinado pola participación activa e produtiva nas clases e a realización das tarefas propostas na clase. O redondeo á alza será de aplicación no caso de que a parte decimal estea a catro décimas do seguinte número enteiro.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Se coa media non se acada o aprobado (5), o alumno/a realizará unha recuperación ó final de curso sobre os contidos do trimestre non aprobado (traballo ou proba escrita, segundo o considere a profesora, e cuestionarios se estes non estaban aprobados). Se o trimestre que está suspenso é o terceiro, o alumno/a pode recuperar ese trimestre modificando o seu traballo e volvendo a presentalo e defendelo perante a profesora.

Probas extraordinarias de xuño

O alumnado que non acade os obxectivos nas probas ordinarias poderá facer unha proba extraordinaria que se levará a cabo en xuño.

O alumno ou alumna deberá facer un exame sobre os contidos teóricos dos dous primeiros trimestres (supón o 50% da nota) e entregar os traballos correspondentes ao tema 6 (supón o 50% restante)

O exame pode incluír preguntas de diversa índole: tipo test, preguntas de desenvolvemento, preguntas curtas... O traballo debe seguir os criterios explicados no tema 3.

Será imprescindible **acadar un 5** para dar por superada a materia.

6.1.5. Recursos didácticos

A materia de musicoloxía impartirase en dous espazos: aula, biblioteca.

Posto que non existe un libro de texto específico que se considere unha introdución completa á materia de Musicoloxía, farase uso de diferentes manuais, sendo un dos obxectivos precisamente a familiarización cos textos básicos da disciplina. Así mesmo potenciarase a procura de información en fontes enciclopédicas, dicionarios, revistas, soportes informáticos, etc. Recoméndase o *Prontuario de Musicoloxía*, de Carmen Rodríguez Suso, como manual de referencia para a iniciación na materia. Farase uso de todas as fontes documentais dispoñibles no centro, como edicións facsímiles, gravacións, etc. Tamén se usarán fotocopias con cadros sinópticos, resumos e esquemas da materia.

- BLAXTER, L. E outros. *Cómo se investiga*. Barcelona, Graó, 2008.
- CHAILLEY, J. *Compendio de Musicología*. Madrid, Alianza, 1991.
- DAHLHAUS, C. *Fundamentos de la Historia de la Música*, Baelona, Gedisa, 1997 (1ª ed. 1977).
- GARCÍA LLOVERA, J. M. *Musicología: campos y caminos de una ciencia*. Zaragoza, Pórtico, 2005.

- LÓPEZ CANO, R. e SAN CRISTÓBAL OPAZO, U. *Investigación artística en música. Problemas, métodos, experiencias y modelos*. Esmuc. Barcelona, 2014.
- RODRÍGUEZ SUSO, C. *Prontuario de musicología: Música, sonido, sociedad*. Barcelona, Clivis, 2002.
- SALAZAR, A. *Conceptos fundamentales en la historia de la música*, Madrid, Alianza, 1988.

Revistas científicas:

- Anuario Musical. CSIC-Instituto Español de Musicología. Barcelona. 1946-
- *Nassarre*. Revista Aragonesa de Musicología. Zaragoza. 1985-
- *Revista de Musicología*. Sociedad Española de Musicología. Madrid. 1978-
- *Recursos de la Música y la Danza en España*. Centro de Documentación de Música y Danza. Ministerio de Educación y Cultura. INAWM.

Bibliografía complementaria:

- BEARD, D. e GLOAG, K. *Musicology: the Key Concepts*, Londres, Routledge, 2005.
- CARRERAS, J. J. “Hijos de Pedrell: la historiografía musical española y sus orígenes nacionalistas (1780-1980)”, *Il Saggiatore Musicale*, VIII, nº1 (2001), pp.121-169
- COOK, N. *Music: a Very Short Introduction*, Oxford, OUP, 1998. [traducción española: *De Madonna al canto gregoriano. Una muy breve introducción a la música*, Madrid, Alianza, 2001]
- COOK, N. e POPLE, A.(eds.). *The Cambridge History of Twentieth-Century Music*, Cambridge, CUP, 2004.
- DAY, T. *A Century of Recorded Music: Listening to Music History*, New Haven & London, Yale University Press, 2000. [traducción española: *Un siglo de música grabada: escuchar la historia de la música*, Madrid, Alianza, 2002]
- ELSTE, M. *Meilensteine der Bach-Interpretation, 1750-2000. Eine Werkgeschichte im Wandel*, Kassel, Bärenreiter, 2000
- EVERETT, W. *The Beatles as Musicians*, 2 vols., Oxford, OUP, 1999-2001
- GÁNDARA, X. C. “El acompañamiento con el violón y el contrabajo en la música de los siglos XVII y XVIII”. En: *Campos Interdisciplinarios de la Musicología.V Congreso de la Sociedad Española de Musicología, Barcelona, 25-28 de octubre de 2000*, (Madrid: Sociedad Española de Musicología, 2001), vol. I, 659-681

-----, “Quatro Minuetes avulsos, e huas poucas de contradanças: recepción y circulación de danzas francesas en el Norte de Portugal a principios del s. XVIII”, *Forum: Conselho Cultural da Universidade do Minho - Arquivo Distrital de Braga*, 33, (2003), 83-102

-----, *Contexto y edición filológica y musical del manuscrito M-471 del Arquivo Distrital de Braga*, Tesis Doctoral, Universidade da Coruña, 19 de junio de 2009

- GARCÍA LABORDA, J. M. (ed.), *La música moderna y contemporánea a través de los escritos de sus protagonistas (una antología de textos comentados)*, Sevilla, Editorial Doble J, s. d.
- HAYNES, B. *A History of Performing Pitch. The History of “A”*, Lanham & Oxford, Scarecrow Press, 2002.
- JOHNSON, J. H. *Listening in Paris. A Cultural History*, Berkeley, University of California Press, 1995.
- LAWSON, C. e STOWELL, R. *The Historical Performance of Music. An Introduction*, Cambridge, CUP, 1999. [traducción española: *La interpretación histórica de la música*, Madrid, Alianza, 2005].
- MOORE, A. F. (ed.). *Analyzing Popular Music*, Cambridge, CUP, 2003.
- NATVIG, M. (ed.), *Teaching Music History*, Aldershot, Ashgate, 2002.
- PHILIP, R. *Early Recordings and Musical Style. Changing Tastes in Musical Performance, 1900-1950*, Cambridge, CUP, 1992.

-----, *Performing Music in the Age of Recording*, New Haven & London, Yale University Press, 2004

RINK, J. (ed.), *Musical Performance. A Guide to Understanding*, Cambridge, CUP, 2002. [traducción española: *La interpretación musical*, Madrid Alianza, 2006].

- SADIE, S. (ed.). *Man and Music, 8 vols.*, Londres, Macmillan, 1989-93.
- SAMSON, J. (ed.), *The Cambridge History of Nineteenth-Century Music*, Cambridge, CUP, 2001.
- STRUNK, O. (ed.), *Source Readings in Music History*, [ed. revisada por L. Treitler, 1998], New York: Norton, 1978.
- TARUSKIN, R. *The Oxford History of Western Music, 6 vols.*, Oxford, OUP, 2004.
- VAN DER MERWE, P. *Origins of the Popular Style. The Antecedents of Twentieth-Century Popular Music*, Oxford, OUP, 2002.

-----, *Roots of the Classical. The Popular Origins of Western Music*, Oxford, OUP, 2004

James Webster, "The eighteenth century as a music-historical period?", *Eighteenth Century Music*, 1:1 (2004), 47-60.

8 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente valorarase e revisarase o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Trimestralmente a profesora redactará un pequeno informe que inclúa os procesos de ensino e a súa práctica docente en función da súa adecuación co alumnado, así como co logro dos obxectivos do grao. Ó final de curso a profesora informará á xefa de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.

9 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ó grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas ós alumnos/as, que serán deseñadas no propio departamento ó comezo de cada curso.